



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

ASUNTO: CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE AXUDAS PARA TRANSPORTE AO ALUMNADO DO CONCELLO DE COIRÓS QUE REALICE ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL. CURSO 2024-2025

EXPEDIENTE: 2024/A011/000006

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2024-2025.

2. BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles xoves do Concello de Coirós que estean cursando exclusivamente estudos de grao, máster, diplomatura ou licenciatura universitarios, ciclos medios ou superiores (sempre e cando non presentasen a solicitude para a bolsa de estudo, por non contar con xustificante de gasto de libros de texto), e Escola Oficial de Idiomas (só na súa modalidade de presencial). Non será obxecto destas axudas os estudos de doutorados ou estudos en conservatorios.

3. REQUISITOS:

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

- 1) Estar empadroado no Concello de Coirós como mínimo 1 ano ininterrompido, no momento da presentación da solicitude. E no caso de ser menor de idade o beneficiario, este requisito deberano cumprir tamén o seu pai ou súa nai, ou no seu caso, o seu titor legal.
- 2) Figurar matriculado no curso académico 2024-2025 en centros de ensinanza homologados nos que se cursen os estudos relacionados no punto 2.
- 3) Poderán solicitar ditas axudas ó transporte aquelas familias, nas que a renda "per cápita" de cada membro da familia non supere os 12.000 euros anuais.

4. TIPO DE AXUDAS:

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados poderán ser beneficiarios/as



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario, segundo a localidade na que estea matriculado. A cantidade concedida será aprobada posteriormente pola Alcaldía con arranxo ós seguintes límites económicos:

- Matriculados en localidade limítrofes: 160 €
- En no limítrofes, agás A Coruña, Ferrol e Santiago: 200 €
- Matriculados na Coruña e Ferrol: 250 €
- Matriculados en Santiago: 300 €
- Matriculados noutras provincias de Galicia: 420 €
- Matriculados fora da Comunidade autónoma: 500 €
- Matriculados fora de España: 900 €

As axudas financiaranse con cargo á partida 2024-231-48101 do presuposto municipal aprobado para o ano 2024.

5. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído ós interesados/as que así o desexen no Centro de Servizos Sociais do Concello de Coirós, dentro do prazo indicado e aportando a seguinte documentación:

- 1.- Solicitud debidamente cumprimentada e asinada polo interesado/a (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou titor legal).
- 2.- Fotocopia do DNI do/a solicitante, debidamente cotexada coa súa orixinal
- 3.- Fotocopia da matrícula cotexada co seu orixinal ou, no seu caso, certificación do centro académico de estaren matriculados no curso 2024-2025.
- 4.- Declaración da renda do último exercicio económico.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

5.- Declaración Responsable de non percibir axudas para o mesmo concepto de calquera outra entidade ou organismo público ou privado.

6. INCOMPATIBILIDADES:

As axudas económicas de transporte, de pago único, do Concello de Coirós serán incompatibles con outras axudas para o mesmo concepto de calquera outra entidade ou organismo público ou privado.

7. INSTRUCIÓN E COMISIÓN AVALIADORA:

As solicitudes serán avaliadas polos técnicos de Servizos Sociais que terán as seguintes atribucións:

-Avaliación das solicitudes conforme aos criterios de valoración establecidos nestas bases.

-Petición dos informes que se estimen necesarios para unha mellor resolución.

-Formulación da proposta de resolución á Alcaldía-Presidencia do concello, na que se incluírán dúas relacións separadas, unha primeira cos aspirantes subvencionados, e unha segunda, cos aspirantes de solicitudes denegadas, especificando as causas de denegación, concedéndoselles un prazo de dez días para alegacións.

A resolución definitiva será ditada pola Alcaldía-Presidencia unha vez examinadas as alegacións.

8. PUBLICIDADE E VIXENCIA

Estas bases serán expostas ó público xuntamente co orzamento municipal.

Estas bases serán de aplicación para tódolos cursos académicos posteriores, mentres non sexan modificadas ou substituídas por outras.

En Concello de Coirós, martes 24 de setembro de 2024

O Alcalde/Presidente



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Francisco Quintela Requeijo